

SOCIEDADE DE CLASES E MOVEMENTO OBREIRO



Enunciados das preguntas e dos dos documentos relacionados

1. Características da nova sociedade de clases do século XIX.
2. O movemento obreiro ata mediados do século XIX (ludismo, mutuas e sindicalismo).
3. O movemento obreiro na segunda metade do século XIX): a Iª internacional, marxismo e anarquismo (características e diferencias).

Vocabulario (definicións nun arquivo propio)

PARA COMENZAR (un breve resumo)



Coa **aparición das clases sociais como criterio de diferenciación social** durante o século XIX, orixináronse numerosos enfrontamentos, relacionados coas diferentes condicións de vida e da traballo entre a **burguesía** e do **proletariado** que daría lugar a **movementos de protesta** froito das difíciles condicións de vida e explotación laboral.

O proletariado (o que traballa a cambio dun salario) con “conciencia de clase” (problemas comúns e propios como clase) grazas ás ideas do socialismo marxista e anarquismo da segunda metade do XIX, acabaría formando partidos políticos obreiros (socialismo marxista) e sindicatos (marxismo e anarquistas).

O marxismo e anarquismo (ambos socialistas e defensores dos obreiros) mostraron importantes diferencias entre eles o que impediría levar a cabo unha loita coordinada o que non impediu que o movemento obreiro lograse importantes conquistas salariais e laborais.

1. Características da nova sociedade de clases do século XIX.

- a. **CLASE SOCIAL: definición e criterios de diferenciación entre as clases sociais desde o S. XIX ata a actualidade.**
- b. **AS DIFERENCIAS SOCIAIS entre burguesía e o proletariado como orixe da conflictividade no S. XIX.**
 - A burguesía como clase dominante no político e no económico, fronte ao proletario como nova clase social que xorde coa Revolución industrial.
 - Condicións de vida e de traballo do proletariado como base da conflictividade.

-
- a. **CLASE SOCIAL: definición e criterios de diferenciación entre as clases sociais desde o S. XIX ata a actualidade.**

A sociedade estamental propia do Antigo Réxime, deu paso á sociedade de clases como consecuencia das revolucións políticas (como a Revolución Francesa de 1789, e as ondas revolucionarias de 1820, 1830 e 1848), e do proceso de industrialización.

Esta nova **sociedade de clases**, máis aberta¹ e permeable que a estamental, concederá máis dereitos e liberdades aos individuos, pero á vez crea profundas desigualdades baseadas en criterios económicos. Existen fundamentalmente tres grupos²: alta, media e baixa (na actualidade este criterio está en entredito). Os criterios de organización da nova sociedade de clases, son:

A riqueza como garantía do ascenso social dos individuos.

A mobilidade social: unha sociedade aberta que permite tanto o ascenso como a caída social, se o individuo perde o poder económico.

A desigualdade económica como eixe central da nova sociedade.

¹ Na clase social, a diferenza do estamento, pódese ascender ou descender dentro da pirámide social.

² Se queres ampliar, utiliza este enlace.

b. AS DIFERENCIAS SOCIAIS entre burguesía e o proletariado como orixe da conflictividade no S. XIX.

- A burguesía como clase dominante no político e no económico, fronte ao proletario como nova clase social que xorde coa Revolución industrial.
- Condicións de vida e de traballo do proletariado como base da conflictividade.

A burguesía como principal beneficiaria das revolucións políticas e económicas do S. XIX, asumíu o poder político e económico³ en claro contraste co proletariado. Aínda que había diferencias dentro da burguesía como clase, ahí alta, media e baixa burguesía.

O **dominio económico** burgués concentrouse no control dos medios de produción (capitais, do mercado e dos beneficios xenerados neste).

E o **dominio político-ideolóxico** como consecuencia do seu protagonismo na (RF e as revolucións liberais do S. XIX). O liberalismo defende os intereses burgueses a través dos principios de liberdade, igualdade (ante a lei, non económica) e o dereito á propiedade (libre e privada).

O proletariado como nova clase social

Na antiga Roma, o proletario eran os cidadáns pobres que únicamente coa súa prole (descendencia) podían servir ao Estado. No século XIX, a **nova clase social**, formada por antigos campesiños, artesáns que ao non ter medios para producir venden a súa forza de traballo a cambio dun salario.

Clase obreira cunhas características comúns:

- Vivían nas cidades á búsqueda de mellores condicións de vida tras abandonar o campo como consecuencia da mecanización do mesmo.
- O seu número foi aumentando durante o século XIX en relación co proceso de industrialización dando paso aos barrios cheos de problemas (sen planificación, sen condicións hixiénicas, densamente poboados, etc).
- Soportaban duras condicións de traballo (longas xornadas laborais⁴, falta de hixiene), inseguridade (ante o paro, inexistencia de seguro médico, de desemprego ou xubilación⁵).

³ Lémbrete das diferencias dentro da burguesía apuntadas anteriormente.

⁴ Ás xornadas de 13, 14 e 15 horas eran habituais.

⁵ De ahí a aparición das mútuas

- As mulleres e nenos utilizaábanse como man de obra máis barata que a masculina. Traballaban fundamentalmente no sector téxtil e nas minas.

A concienciación da súa precaria situación conduciunos á protesta, primeiro desorganizada pero tamén a situacións de desesperanza como o [alcoholismo](#), [xogo](#) ou a delincuencia.

Dentro do proletariado había:

- Os que traballaban nas fábricas cuxo número non deixaba de crecer.
- Aqueles que traballaban no sector servizos (doméstico, vendedores ambulantes etc).
- Abundaban os nenos e a mulleres, peor consideradas e remuneradas que os adultos homes.
- En retroceso os vellos oficios artesáns fronte á industria moderna.
- Na escala inferior do proletariado, xunto con nenos e mulleres, hai que facer mención aos inmigrantes. Ex. irlandeses nos EEUU.

Os campesiños seguiron constituíndo a maior parte da poboación convertíndose en conversión en obreiros asalariados rurais. Como as súas condicións de vida non melloraron acabaron migrando ás cidades industriais ou a outros países, transformándose en man de obra sen cualificar, mal remunerados e vítimas do amontoamento urbanístico.

2.O movemento obreiro ata mediados do século XIX (ludismo, mutuas e sindicalismo).

Na nova sociedade capitalista, existían dúas clases sociais antagónicas (opostas):

- A traballadora, desprovista dos medios de produción e forzada a vender a súa forza de traballo.
- A burguesa, dona dos medios e inclinada a incrementar os seus beneficios á conta das condicións salariais e laborais da primeira.

O movemento obreiro xurdiu desas condicións de desigualdade, pero alcanzou maior ou menor forza en función do grao de desenvolvemento industrial dos países. Os primeiros movementos de masas de carácter moderno orixináronse en Inglaterra co Ludismo e a creación das Trade Unions, as primeiras asociacións de carácter sindical.

Máis tarde, estruturados ao redor da ideoloxía marxista, xurdiron partidos de extracción obreira que xogaron un importante papel na acción política e social.

Ludismo⁶

Movemento social violento das primeiras décadas do século XIX, que se caracterizou pola oposición á introdución de maquinaria moderna no proceso produtivo, destruíndoas.

Desenvolveuse entre 1800 e 1830, fundamentalmente en Inglaterra e a súa intervención organizábase mediante unha serie de ameazas, tumultos e desordes que amedrentou aos patróns e provocou a intervención do goberno.

A causa principal que desencadeou os disturbios foi a precaria situación laboral e social creada pola introdución das máquinas. En común a súa desorganización que foi duramente xuzgada polas autoridades.

Xunto con GB, Outros países que padeceron movementos ludistas foron Francia (entre 1817 e 1823), Bélxica, Alemaña ou España (Alcoy en 1821 e Barcelona en 1835).

⁶ A súa orixe remóntase á acción de "Ned Ludd", o seu mítico líder, un tecedor que en 1779 foi supostamente pioneiro neste tipo de prácticas tras destruír o tear mecánico que manipulaba.

Peticións políticas (cartismo), e a formación dunha organización obreira estable (sindicalismo e mútuas).

O **cartismo**, como o ludismo, foi un movemento propio da primeira etapa do movemento obreiro. Pero, a diferenza deste, tivo un carácter esencialmente política.

A través da “Carta do Pobo⁷”, enviada ao Parlamento Británico en 1838, a clase obreira reivindicaba o sufraxio universal masculino e a participación dos obreiros no Parlamento.

Pensaban que cando os traballadores alcanzasen o poder político, poderían adecuar as leis aos seus intereses de clase. A duración deste movemento abarcou entre 1838 e 1848.

A importancia do cartismo está na concienciación de que as melloras laborais terían que vir acompañadas de cambios políticos. O movemento fracasou, entre outras causas, polas disensións internas entre as súas diversas tendencias, a moderada e a radical, pero tamén pola represión do goberno británico que cortou o movemento ata a súa desaparición.

O cartismo tivo unha gran importancia na loita da clase obreira pola mellora das súas condicións de vida, o goberno británico tivo que aprobar novas leis con contidos sociais, por exemplo a “Lei das dez horas”.

Organización obreira: mútuas

Ante a total desprotección obreira fronte aos abusos dos capitalistas (prolongadas xornadas de traballo, emprego infantil, mulleres mal remuneradas, fábricas insalubres, amontoamento, despedimentos sen indemnización, miseria, etc), asociáonse para protexerse en caso de enfermidade, paro ou inactividade huelguística.

En Inglaterra xa a finais do século XVIII, naceron as primeiras asociacións de traballadores, as **sociedades de axuda mutua ou "socorro mutuo"**. O seu obxectivo era a unión dos obreiros para conseguir melloras laborais e salariais, operando como caixas de resistencia fronte a adversidades como a enfermidade ou o desemprego. En España as primeiras creáronse en Barcelona, a Sociedade de tecedores en 1840.

As leis antiasociación “*Combination Laws*” (1799-1824), prohibiron todo tipo de asociacionismo obreiro, co que as organizacións de traballadores pasaron a ser ilegais ata 1824; o movemento obreiro progresou rapidamente, organizándose segundo dous modelos: **sindicatos** de oficio (Trade Unions) e cooperativas.

⁷ Na “Carta” demandaban o sufraxio universal, a supresión do certificado de propiedade como requisito para formar parte do Parlamento, inmunity parlamentaria, un soldo para os deputados, etc; estas peticións posuían un marcado carácter político e eran necesarias -segundo os seus defensores- para conseguir unha profunda transformación social.

Na súa orixe, os Trade Unions británicos estiveron formados por obreiros dunha mesma localidade integrados nun mesmo oficio, despois dos anos trinta foron ampliándose, dando paso a un sindicalismo estatal.

En 1829, o dirixente obreiro Doherty, creou o primeiro sindicato do algodón de implantación nacional. En 1834 Robert Owen reuniu varios sindicatos de oficio na Great Trade Union, alcanzando tal éxito que foi ilegalizado polo goberno (o que os levaría ao cartismo).

O principal instrumento de presión de que se valeron os sindicatos nas súas reivindicacións foi a folga. Tanto no caso inglés coa Trade Unions, como no resto de Europa donde os sindicatos adquiriron importancia ao longo do último terzo do século XIX, por exemplo en España a Unión Xeral de Traballadores, a UXT creada en 1888).

Un sindicato é unha asociación obreira que naceu como resposta aos problemas ocasionados pola industrialización (fábrica). Son os representantes dos intereses dos obreiros no proceso productivo.

A aparición dunha teoría e unha acción política como o socialismo na segunda metade do século XIX; aportaralle ao proletariado, “conciencia de clase”, é dicir que comparten unha serie de problemas comúns e como tal terían que loitar contra a clase capitalista, como clase/grupo.

3. O movemento obreiro na segunda metade do século XIX): a 1ª internacional, marxismo e anarquismo (características e diferencias).

Ao longo do século XIX fóronse xestando ideas que poñían en evidencia e criticaban as contradicións do proceso de industrialización e as inxustizas inherentes ao capitalismo. Estas ideas reivindicaban o igualitarismo e a solidariedade, ideas que coñecemos como **socialismo**:

Unha teoría e acción política defensora dun sistema político e económico baseado na socialización da economía, oposto ao capitalismo, para establecer unha sociedade sen clases. Dentro do "**Socialismo**", podemos distinguir tres correntes:

Socialismo utópico (1815-1848): denominado así polos marxistas que os calificaban de idealistas e inxenuos nas súas propostas.

"Utopía" significa plan, proxecto, doutrina ou sistema optimista que aparece como irrealizable xa desde o mesmo momento da súa formulación. Prové de "Utopía", obra escrita por Tomás Mouro, intelectual, político e humanista inglés (S. XV-XVI).

Dentro do socialismo utópico, destacaron figuras como Robert Owen, Saint-Simon, Louis Blanc, Fourier.

Socialismo científico ou marxismo

Partindo do estudo científico da historia en xeral, K. Marx e F. Engels analizaron a sociedade capitalista do S. XIX, as súas contradicións internas, buscando a súa destrución para crear unha nova sociedade "sen clases". Apartándose do socialismo utópico ao que criticaron.

A publicación en 1848 do "Manifesto comunista" por Marx e Engels, representou un fito fundamental no socialismo coincidindo coa difusión da industrialización por Europa e da explotación do proletariado.

As ideas marxistas tratan de explicar a sociedade do XIX, partindo de principios filosóficos e históricos anteriores⁸. Ideas nas que destacan os seguintes aspectos:

1. Explicación material/económica da Historia «**materialismo histórico**».
2. **Loita de clases** como motor do cambio.
3. A **ditadura do proletariado** como forma de goberno.
4. **Plusvalía** como factor da desigualdade.

Materialismo histórico: son as condicións materiais, as que determinan a historia, non as ideas ou a vontade dos homes. A economía condiciona a organización do Estado, a política, a filosofía, a xustiza, as costumes, etc.

Loita de clases: motor da historia, xa que esta, está condicionada polas relacións que se establecen entre diferentes grupos sociais.

Estos grupos ou clases sociais están formados por persoas que comparten condicións materiais semellantes, e ocupan unha posición concreta no proceso de produción, de aí que as chamen clases antagónicas (opostas, rivais, incompatibles).

Deste enfrontamento xurde o cambio histórico. Na sociedade do XIX, as clases antagónicas son a burguesía e o proletariado. Enfrontadas no económico, no político e ideolóxico, da loita entre ambas, xorde a sociedade sen clases/comunista.

Ditadura do proletariado: coa desaparición das clases sociais, o proletariado debe tomar o poder do Estado (político), se é preciso de forma violenta para desmontar o Estado burgués. Ao instaurarse unha sociedade igualitaria “comunista”, non existe a propiedade privada.

Plusvalía: a diferenza entre a riqueza producida polo traballo do obreiro e o salario recibido do capitalista. Un salario=valor que beneficia ao capitalista. O valor dunha cousa depende, basicamente da cantidade de traballo necesaria para a súa realización. O capitalista, merca e vende ao mesmo tempo a forza de traballo do proletariado. A plusvalía é a materialización do traballo non pagado polo empresario.

⁸ O socialismo científico ou marxismo presenta influencias de correntes anteriores, destacando as da filosofía alemá hegeliana (materialismo dialéctico), a do ideario de revolucionarios como Babeuf e a de activistas obreiros como Blanqui.

Anarquismo⁹ (palabra procedente do grego, *sen poder, sen superiores*)

Corrente de pensamento e práctica política socialista, crítica co capitalismo (igual co marxismo), pero diferenciándose deste no método para conseguilo. Non foi un movemento homoxéneo, pero si mostrou unha serie de características comúns como o rechazo de calquera tipo de autoridade (incluída a do Estado) e a defensa da abolición da propiedade e da liberdade individual.

Características

- Rexeitamento de calquera tipo de autoridade (Estado), e de organización (partidos políticos, relixiosa, etc).
- Defensa da liberdade individual.
- Organización social partindo de pequenas comunidades autosuficientes por libre vontade dos seus membros (sufraxio universal).
- Abolición da propiedade (dereito de herdanza debía eliminarse) substituíoa pola colectivización dos bens.
- Importancia da educación: o home cando pensa por si mesmo é libre.

O anarquismo nunca se difundiu a través de partidos políticos, Difundíuse a través de dúas vías:

- A anarcosindicalista como defensora dos intereses obreiros, por exemplo o sindicato anarquista CNT creado en Barcelona en 1910.
- Violenta: defensora da acción radical caso de atentados contra importantes autoridades, ou contra símbolos da sociedade burguesa..

⁹ A influencia anarquista foi maior nos países pouco industrializados, fronte ao marxismo cuxo peso foi maior nos industrializados.

4. O movemento obreiro na segunda metade do século XIX): **a Iª internacional, marxismo e anarquismo (características e diferencias).**

A toma de conciencia de que os problemas que afectaban ao proletariado eran comúns en todos os países, levou á convocatoria dunha reunión xeral para tratar estas cuestións.

A **Iª Internacional** entre (1864-1876) foi a primeira organización sólida da clase obreira a nivel internacional, para loitar contra o capitalismo. Actuou como medio de enlace e coordinación entre grupos de traballadores de diferentes países (marxistas, anarquistas,...). Reuníronse obreiros de todas as tendencias, por primeira vez en Londres o 28 de setembro de 1864. Na redacción dos estatutos da Internacional tivo un protagonismo destacado Marx. A Iª Internacional ao tempo que se difundiu polo resto de Europa¹⁰, foi reuníndose periódicamente a través de Congresos.

Pero pronto comezaron a aparecer os problemas, relacionados sobre todo coas **diferencias ideolóxicas**, basicamente entre **anarquistas e marxistas**, un enfrontamento que tamén se levou ao persoal entre Marx-Bakunin. Os puntos claves deste enfrontamento eran:

- Os marxistas aceptaban a participación política a través dos partidos, algo que rexeitaba o anarquismo que se opoñía a todo control ou xerarquía.
- Os anarquistas opoñíanse á ditadura do proletariado, e en xeral a toda forma de poder/autoridade.
- Para os marxistas, os protagonistas do cambio histórico era o proletariado como clase; para o anarquismo, o individuo (dándolle un protagonismo destacado ao campesiñado).

Este enfrontamento entre marxismo e anarquismo, levou á expulsión dos anarquistas a Iª Internacional en 1872; pero non foi só este enfrontamento entre os marxistas e anarquistas o que levou ao fracaso da Iª Internacional, senón tamén as actuacións dos gobernos burgueses ante a expansión do movemento obreiro por Europa

¹⁰ En España a Iª Internacional constituíuse por primeira vez en Barcelona en 1870.

A Segunda Internacional (1880-1916)

No período 1870 ata a Iª Guerra Mundial, naceron os partidos marxistas na maioría dos países europeos (en España en 1879 con Pablo Iglesias nace o PSOE), serán eles os que constituísen a base da IIª Internacional fundada en 1889 en París.

Pero pronto se mostraron as discrepancias internas entre as dúas correntes marxistas:

- Revisionista: defensora da colaboración cos partidos burgueses. Encabezada por E. Bernstein.
- Revolucionarios (comunistas) con figuras como Rosa Luxemburg e Lenin.

Respecto aos acordos máis significativos da IIª Internacional:

- a. Xornada laboral de 8 horas.
- b. Celebración do 1 de maio
- c. Himno da Internacional.

Esta Segunda Internacional obreira fracasou polas circunstancias históricas de finais do S. XIX e de comezos do XX, caso do Imperialismo colonial e a I Guerra Mundial. A guerra rompeu con toda solidariedade obreira e consecuentemente coa II Internacional.

En 1919, constituíuse a III Internacional “*Komintern*”, pero comunista baixo ás directrices do Partido Comunista ruso no poder desde a revolución de 1917.